

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o vinte e dous de xullo de dous mil quince, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

19/526 DESIGNACIÓN MEMBROS DAS MESAS DE CONTRATACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE REGULAR DE VIAXEIROS NA MODALIDADE DE CONCESIÓN NO CONCELLO DE LUGO E PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN (MEDIANTE ARRENDAMENTO SEN OPCIÓN DE COMPRA OU RENTING) DUN VEHÍCULO TODOTERREO PARA A ÁREA DE PROTECCIÓN DA COMUNIDADE.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 16 de xullo de 2015 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

Único.- Actualmente están en tramitación os procedementos para a contratación de:

- **CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE REGULAR DE VIAXEIROS NA MODALIDADE DE CONCESIÓN NO CONCELLO DE LUGO.**

- **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN (MEDIANTE ARRENDAMENTO SEN OPCIÓN DE COMPRA OU RENTING) DUN VEHÍCULO TODOTERREO PARA A ÁREA DE PROTECCIÓN DA COMUNIDADE DO CONCELLO DE LUGO**

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeiro.- Os pregos de cláusulas administrativas reguladores do procedemento para a contratación das obras, servizos e subministracións anteriormente relacionados establecían na súa cláusula décimo primeira relativa á composición da Mesa de Contratación:

‘De conformidade co previsto no artigo 320 así como na disposición adicional segunda do TRLCSP, a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTA: Sra. Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación

VOGAIS:

- *O Concelleiro Delegado da Área de Infraestructuras e Zona Rural.*
- *Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a corporación.*
- *Interventor xeral ou funcionario/a que legalmente o substitúa.*
- *Un representante da asesoría xurídica ou funcionario/a que a substitúa.*

SECRETARIO: O Xefe do Servizo de Contratación ou funcionario deste servizo que o substitúa.’

A Disposición Adicional Sétima do Regulamento de Organización Municipal do Concello de Lugo establece:

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 15x350190526

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-7-2015

Sétima. Mesas de Contratación.

1. Os órganos de contratación do Concello de Lugo e os seus organismos autónomos estarán asistidos por unha Mesa de Contratación constituída por un presidente ou presidenta, un mínimo de cinco vogais, designados de entre os membros da Corporación e/ou persoal ó servizo desta, e un secretario ou secretaria designados polo órgano de contratación, o último entre funcionarios ou funcionarias integrados na unidade administrativa responsable da xestión dos procedementos en materia de contratación.

Entre os vogais deberá figurar necesariamente o/a titular da Asesoría Xurídica e o Interventor ou Interventora Xeral.

2. A designación dos membros da Mesa de Contratación poderá facerse con carácter permanente ou de xeito específico para a adxudicación dun ou máis contratos. Se é permanente ou se lle atribúen funcións para unha pluralidade de contratos, a súa composición deberá publicarse no 'Boletín Oficial da Provincia de Lugo'.

A nova Corporación Municipal decidiu que a composición das mesas de contratación estea formada exclusivamente por traballadores municipais non formando parte dela ningún concelleiro da Corporación. Esta circunstancia obriga a aprobar unha nova composición das mesas de contratación como órgano de asistencia do órgano de contratación e, de non facerse con carácter permanente, sí de modo específico para a adxudicación de cada contrato.

O artigo 21 do RD 817/2009, de 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, establece que 'A composición publicarase no perfil do contratante do órgano de contratación correspondente cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrar para a cualificación da documentación referida no artigo 130.1 da Lei 30/2007'.

Por todo o exposto e tendo en conta a necesidade de proceder á adxudicación dos contratos referidos é preciso que se aprobe pola Xunta de Goberno Local a composición concreta das Mesas de Contratación como órgano de asistencia á quen lle corresponderá a valoración das ofertas así como a proposta de adxudicación dos contratos ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa.

Tras diversas reunións mantidas cos novos responsables municipais suxiren que a composición das Mesas sexa a seguinte:

Presidente: Xefe do servizo de contratación ou persoal que o substitúa.

Secretario: Técnico do servizo de contratación ou persoal que o substitúa.

Vogais:

-Titular da Asesoría Xurídica ou persoal que o substitúa.

-Interventor xeral ou persoal que o substitúa.

-Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretaria) ou persoal que o substitúa.

-O Secretario Xeral do Pleno ou persoal que o substitúa.

-Un técnico do servizo/departamento correspondente (xestor do gasto).

Á vista de que na composición das mesas só variará a designación do técnico do servizo ou departamento correspondente á unidade administrativa xestora do gasto e propoñente da celebración do contrato, o acordo da Xunta de Goberno Local deberá determinar en cada caso concreto a designación do traballador municipal que formará parte da Mesa de Contratación como vogal en función de cal sexa esa unidade administrativa.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm.a Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.ª ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural (GMS); Ilma. Sra. D.ª MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.ª ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS) e o Ilmo. Sr. D. JUAN CARLOS GONZÁLEZ SANTÍN, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Concello e Cidadanía, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Designar como membros das Mesas de Contratación nos expedientes de contratación que a continuación se sinalan aos seguintes traballadores municipais indicados sen prexuízo das substitucións que procedan cando sexa necesario:

- CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE REGULAR DE VIAXEIROS NA MODALIDADE DE CONCESIÓN NO CONCELLO DE LUGO.

Presidente: Xefe do Servizo de Contratación ou persoal que o substitúa.

Secretario: Técnico do Servizo de Contratación ou persoal que o substitúa.

Vogais:

- Titular da Asesoría Xurídica ou persoal que o substitúa.
- Interventor xeral ou persoal que o substitúa.
- Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretaría) ou persoal que o substitúa.
- O Secretario Xeral do Pleno.
- Xefa da Sección municipal de Policía Urbana e transportes ou persoal que a substitúa.

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 15x350190526

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-7-2015

- CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN (MEDIANTE ARRENDAMENTO SEN OPCIÓN DE COMPRA OU RENTING) DUN VEHÍCULO TODOTERREO PARA A ÁREA DE PROTECCIÓN DA COMUNIDADE DO CONCELLO DE LUGO

Presidente: Xefe do Servizo de Contratación ou persoal que o substitúa.

Secretario: Técnico do Servizo de Contratación ou persoal que o substitúa.

Vogais:

-Titular da Asesoría Xurídica ou persoal que o substitúa.

-Interventor xeral ou persoal que o substitúa.

-Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretaria) ou persoal que o substitúa.

-O Secretario Xeral do Pleno.

- Sarxento responsable do Servizo de Bombeiros ou persoal que o substitúa.

SEGUNDO.- Que se proceda á publicación deste acordo no perfil do contratante do Concello de Lugo de conformidade co establecido no artigo 21 do R.d 817/2009, de 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.